

XIV
Certame
Literario

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

XIV
*Certame
Literario*
Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

Lembranza dun bo, Amigo

Nesta presentación da XIV edición das obras gañadoras do Certame, na honra do noso poeta Manuel O.Rodríguez López. Creo que é a miña obriga facer unha mención especial o noso amigo Víctor López Villarabid, con motivo do seu pasamento o dezanove de setembro, D.E.P.

Víctor: amigo de Manolo e de todo aquilo que tivera que ver coa súa obra, en vida e logo foi durante os vinte últimos anos, un apoio constante á memoria de Manuel Orestes Rodríguez López.

Unha parella de personaxes moi similares, ambos autodidactas, periodistas, e con un nexo común de esforzados traballadores, vinculados ó bo facer cultural da nosa terra, Paradela Comarca de Sarria, Provincia, Camiño de Santiago, Galicia, Emigración.

Tamén tiñan en común as maneiras de conducirse pola vida, sempre expertos ó que puidese acontecer, así, ían provistos de caderno, bolígrafo e cámara de fotos, non se lles escapaba nada que fora de importancia. Ben fora noticia, personaxe singular, ou referente histórico-patriomonial. Foron xornadas compartidas, foron encontros moi frutíferos e singulares, en traballo, esforzo e vontade de espertar as ansias adormentadas de quen tivera a responsabilidade de poñer en valor o que eles producían ou descubrían.

Rematando o verán, déixanos Víctor L.Villarabid, non no lo esperabamos pero el tan áxil, como sempre e fiel o seu traballo silente. Tamén neste paso o quixo facer sen ruído; deixounos traballando, falando dos proxectos e dando ideas e consellos cara o ano santo 2010; coma sempre vivo e experto, cheo de ánimo e vontade de servir a nosa Terra.

Teño para min que somos moitos os “deudos” do finado Víctor, desde os Concellos do Camiño de Santiago, a Comarca, Lugo, o “Progreso” e hasta propia Xunta de Galicia por tantas e tantas colaboracións que deixa feitas en prol das nosas xentes e da nosa terra Galega. Desde aquí Concello de Paradela ofrecemos a colaboración precisa a familia e amigos de Víctor, para agromar a súa obra en favor das xeracións vindeiras e manter a memoria, de quen non tiña medo ás dificultades e sempre se soubo conducir polo camiño do compromiso cos seus principios.

Víctor López Villarabid

Encontro no Ceo dos Galegos:

Si e verdade que Víctor xa acadou ese encontro, e tamén estou ven seguro que a súa chegada se notou. O encontro con San Pedro, foi do tenor seguinte: "ben aquí estou, cando podo ver a miña familia, os meus amigos,... a tantos que atropeladamente, lle foi nomeando , entre outros a seus pais Pedro e Esperanza, a Frei- José, D.Puro Cora, D.Martín Balboa, Suso da Barrela, Fiz Vergara, D.Pedro de la Portilla, Antonio Peña, Trubuco, Alonso (o Periodista) e Manuel O.Rodríguez López o poeta de Paradela..."

San Pedro, dille "para o", aquí o tempo no che corre tanto como cando tiñas que preparar as noticias para o Progreso e envialas pola Empresa Monforte, entregándollas ó revisor Isaac.

Que estou seguro que tamén queres ver pronto. Aquí non hai estres así que Víctor, acouga e como ben sei das túas inquedanzas, e da túa pertenza á Orde dos Cabaleiros de Santiago, vai a ser Santiago quen te poña en contacto ca túa xente.

Dille Pedro a Santiago: aquí chega o Villarabid que ven cheo de ansias e novas, e se non o freas un pouco hache de poñer en revolución o Ceo Dos Galegos.

Gracias Pedro; respóndelle Santiago:

Pero o Víctor, trae os deberes feitos, agora tócalle velar e orientar ós que deixa abaxo. E xa estamos a organizar esa entrada triunfal, que ben se merece, no Ceo dos Galegos.

Desfrutará dos encontros que demanda. Ademais de verse no gozo da Fe e Esperanza que acreditou durante a súa estadía Terreal.

Grazas, Víctor, pola túa sinxela amizade os teus acertados consellos. Os apoios e esforzos na túa colaboración desinteresada, durante tantos anos. Sempre te lembraremos.

Paradela, novembro 2009

José M. Mato.

O Certame na Honra do POETA DE PARADELA (Manuel O. Rodríguez López), xa é un clásico dos que se celebran na nosa terra Galega e destaca a nivel nacional. O que nos enche de orgullo, vendo que centos de autores colaboran coa súa participación. Ademais se votamos unha ollada ós seus currículos veremos que acreditan unha sobranceira categoría, o que nos produce unha grata satisfacción, o facernos merecentes da súa participación.

Nesta catorceava edición, acadamos 190 traballos, de todo o territorio nacional e de países como Alemaña, Arxentina, Cuba, entre outros.

Despois de catorce anos de existencia, seguimos pola senda da sinxeleza e do traballo ben feito. Todo elo grazas á Familia de Manolo, ós componentes do Xurado, ó grupo de traballadores do Concello que arriman o ombro con cariño e así todos xuntos cumplimos os desexos do noso Fillo Predilecto Manuel O. Rodríguez López; que non eran outros “que os de traballar en exclusiva pola Cultura do noso País”.

Compre felicitar ós Gañadores, que como poderán comprobar, cando este libro chegue as súas mans, os seus méritos e a súa traxectoria persoal, acreditan o que acabo de manifestar no primeiro dos parágrafos.

Parabéns para os Gañadores:

En Poesía:

A gañadora é Dna. Alba Cid Fernández, de Ourense. Que co lema, Dedaleira presenta a obra NOSOUTRAS, esta escritora xa foi premiada no 2006 cun accésit, ca obra Bandeira Esfiañada.

O Xurado vendo a calidade das obras acordou, conceder dous accésit a:

Dna. Sara Castelar Lorca, Sevillana de Dos Hermanas; que co lema Gargamel, presenta a obra titulada ANATOMIA DEL FRÍO.

O segundo accésit, foi acadado por Dna. M^a Isabel Gómez Arto, de Curtis, A Coruña que presenta baixo o lema Ribelma a obra co título ELES NON SABEN.

En Narrativa:

O gañador é D. Alberto Rodríguez Díaz, nado en Ourense. Que co lema Aurum presenta a obra MARCHA TRIUNFAL.

Así tamén o Xurado tendo en conta a calidade dos traballos outorgou dous novos accésit a:

D. Juan José Ruiz Morino. De Murcia (Las torres de Cotillas), que participou co lema Eugenio Agramonte e o título EN CLAVE DE FUTURO.

E a Dna. Isabel Julián Quiroga. De Madrid, que participou co lema “Las negras sombras de todos” e o título EL ESPERADO.

Reitero, as miñas felicitacións para todos os gañadores. E teñen que permitirme unha mención especial a Dna. Isabel Julián Quiroga. Pois as súas raíces son destas terras de Paradela, é gratificante para nos contar con fillos de Paradela entre os Galardoados.

En canto a obra, enos moi próxima e non só por os recordos da familia que se deduce; se non por lembrarnos o sufrimento de tantas e tantas Nais, que durante os terribles anos da Guerra Civil, sufrieron, non só a ausencia dos seus fillos; se non o que era mais doloroso, que non sabían nada deles.

Creo que estas obras deberan de ser coñecidas polos españois de agora e de tódalas épocas, así como as clases dirixentes dunha maneira especial, co fin de evitar iniquidades como as pasadas, naquela época.

Sen embargo hoxe é un día de Lledicia, pois estamos a ser fieis ó compromiso dos bos e xenerosos, como o noso POETA DE PARADELA. Fai xa 20 anos que nos deixou, pero a súa obra segue medrando, ó longo destes anos.

Proximamente verá a luz un novo libro, que comprenderá toda a poesía de Manolo, agradecemos o esforzo da familia dos colaboradores deste traballo e dun xeito especial á Deputación, na persoa do seu Vicepresidente 1º D.Antonio Bao que participa cofinanciando a súa edición en compañía do Concello de Paradela.

Novembro de 2009

J. M. Mato.

Manuel Rodríguez López, tradutor de

Palabras preliminares

Para min é unha honra facer un prologuiño para o volume que recolle os textos poéticos e narrativos premiados este ano polo Concello de Paradela. Refírome, loxicamente, ó Premio literario “Manuel Rodríguez López”, nome que escribo con señardade ó recordar os meus encontros con el en Lugo, encontros de hai moitos anos.

Batín con Manolo, por primeira vez, na imprenta (e editorial) Celta, onde el estaba a revisar as galeradas do seu primeiro libro de poesía, Poemas populares galegos (1968). Xeneroso como era, uns anos despois, estampou o meu nome na dedicatoria impresa do seu terceiro poemario: Soldada mínima (1979): “Adicado a Basilio Losada e Xesús Alonso Montero, mestres e facho. Darió Álvarez Blázquez, Manuel María, poeta da Terra Chá, portas francas no meu camiño”. Gústame ir en tan ilustre compañía, moi especialmente na do doutor Álvarez Blázquez, unha das persoas a quen máis estimei e quisen. Tamén me agrada que o meu nome figurase, precisamente, nese libro, Soldada mínima, en realidade un feixiño de versos escritos por Manolo, daquela, desde a súa condición de obreiro e poeta (“Daquela” significa 1969, o ano en que este poemario non pasou a peneira da Censura. Xa eu en Vigo (desde 1976), prologuei un libro de Manolo moi querido por el: Reencontro coa aldea (Ediciós do Castro, 1983). Eu algo sabía, e sei, de reencontros desta índole.

Agora asisto a un reencontro, con Manolo, que me enche, dentro da señardade, de alegría. Acaba de chamarxe por teléfono, desde Brístol, Santiago, fillo do noso escritor, destacado xenetista en Inglaterra. O motivo da chamada: pedirme, por favor, se eu estaba disposto a escribir un ou dous folios sobre seu pai como presentación do volume que recolle os textos do último Certame literario do Concello de Paradela. Manifesteille, de contado, que o faría, non “por favor”, senón con moita satisfacción e moi honrado. Puxen, si, unha “condición”: coñecer os “prólogos” das edicións anteriores para non centrarme, no meu, nas facetas humanas ou literarias abordadas por outros amigos ou admiradores nos volumes xa publicados. Poucos días despois, Irene López Gómez, a viúva de Manolo, envioume un paquete de libros que moi agradecín, un deles descoñecido: a Vida e obra de Manuel Rodríguez López escrita por Manuel Blanco Castro (Concello de Paradela,

L'Atlàntida de Verdaguer

2000). Lino o mesmo día e anotei datos ignorados, algúin dos cales aproveitarei no presente traballiño. No paquete figuraban case todos os volumes dedicados ó Premio instituído polo Concello de Paradela en honra do escritor “patrio” Manuel Rodríguez López. Poucos concellos “modestos” teñen e manteñen unha actividade literaria e editorial como esta, e todo fai supoñer que continuará. Un argumento máis para que eu prologue a presente edición e para que me poña ó dispor dun Concello tan comprometido coa causa literaria.

Manuel Rodríguez López e o idioma catalán

Se non me trabuco, ningún dos excelentes prologuistas anteriores trataron a relación de Manolo coas Letras catalanas, relación na que existe un capítulo de gran importancia: a súa tradución dunha obra magna da literatura en catalán, *L'Atlàntida*. É certo, non obstante, que no citado libro de Blanco Castro aparecen, aquí e alí, algunas noticias valiosas para quen queira acometer, no futuro, un traballo non exento de interese: a relación do noso escritor co idioma catalán.

Sabido é que Manolo emigrou, coa súa nai, a Barcelona no ano 1941. Da cativa e remota aldea de Randulfe, á gran urbe catalana cando acababa de cumplir sete anos. En Barcelona vai vivir Manolo anos moi importantes da súa nenez, da súa adolescencia e da súa mocidade, anos nos que é imposible non aprender o catalán. Cómpre salientar, destes anos, o período 1946-1952, no que foi un alumno aplicado do Seminario.

No Seminario celebrábanse certames literarios dos que non estaba ausente o catalán, idioma no que participou, algunha vez, aquel rapaz de Paradela. No libro de Blanco Castro atopamos unha noticia de máximo interese.

Destes anos, concretamente a partir do cuarto curso de Humanidades, contamos co que el titulou *Poesías originales*, de Manuel Rodríguez López. É unha mañiza de poemas en castelán, catalán e galego, e sobre diversos temas, predominando o relíxiosos... (p. 50)

Debería exhumar este caderno, no que, sen dúbida, hai a “graninxenuidade” (Blanco Castro) propia dos anos, pero sería un excelente documento para coñecermos a “prehistoria” deste peculiar poeta trilingüe.

Tempos despois, non sei se poetizou en catalán, pero traduciu do catalán páxinas moi valiosas, entre elas algúns poemas de Salvador Espriu (no nº 9 de Dorna, revista da Universidade de Santiago).

O tradutor de L'Atlàntida

Manolo, sen dúbida, tiña idea precisa da importancia que este poema épico de 1877 tivo no mapa literario da Renaixença catalana. Da importancia, como poeta, de Jacint Verdaguer (1845-1902), ilustre sacerdote (Mossèn Cinto), tivo noticias fervorosas nas aulas do Seminario. Alí oiría falar, especialmente, do poemario *Idil-is i cants místics* (1879). Deste libro, na edición de 1882, existe un exemplar dedicado polo autor a dona Emilia Pardo-Bazán, “gloria de Galicia y orgullo de las Letras españolas”, que a dedicatoria encadernou “con piel de un guante mío” (obra na Casa Museo, A Coruña).

No libro de Blanco Castro reproducése, fragmentariamente, unha carta de Manolo, que tiña vinte anos, ó P. José Rubinos Ramos (1898-1963), que transcribimos:

[Un profesor do Seminario díolle certo día]: “La literatura Gallega es muy pobre. Sólo cuenta con dos nombres, Curros y Rosalía. En cambio, la lengua catalana tiene poesía, drama, teatro, épica. Una lengua sin épica, no se puede decir que cuente con literatura” [...] A mí sabíame moi mal non poder presentar unha xesta como L'Atlàntida ou Canigó do gran Verdaguer; por eso non podo menos de saltar de alegría ó saber que tamén a nosa lingua conta cunha epopeia, Covadonga... (11-7-1955)

Un xuízo tan discutible como o daquel profesor de Literatura, obrou moi positivamente no espírito galego do noso escritor, tanto que, consciente de que el non nacera para compoñer un poema épico de gran alento, decide, certo día, traducir ó galego o poema catalán no que pensaba, sen dúbida, o profesor do Seminario. Quizais Manolo cría que Covadonga (1950), a epopea do P. Rubinos, estaba moi lonxe do alento poético do Verdaguer épico. Se foi así, estaba no certo. O único que podía intentar Manolo, tan condicionado polo discutible xuízo literario do seu profesor, era facer falar en galego ó Verdaguer d'A Atlàntida.

En 1995 publicou a súa tradución (en edición da Xunta de Galicia) do gran poema de Jacint Verdaguer. Sábese que L'Atlàntida, desde a súa primeira edición en 1878, tivo un éxito internacional grande; en efecto, foi traducida a moitos idiomas. A versión galega chegounos en 1995, ou sexa, 117 anos despois da edición príncipe, que foi bilingüe (catalán-castelán). Aínda que serodia, a proeza débese a Manuel Rodríguez López. Foi el quen se decatou de que deberían falar en galego os versos deste poema xeolóxico, desta orixinal xesta que conta un cataclismo cósmico: o afundimento dun enorme continente, a Atlàntida, ó que se referiron na antigüidade, entre outros, Platón, fonte moi tida en conta por Jacint Verdaguer.

Nas Letras galegas cítase pouco, moi pouco, fragmentos de L'Atlàntida, un poema que dedica a Galicia, no Canto décimo, vinte e catro versos dignos de seren lembrados e citados. Son versos nos que hai referencias ó río Miño co seu "tálamo aurífero", a Finisterre, A Coruña e a Torre de Hércules:

a on un far relleva de nits l'astre del dia,
vetllant aquelles terres i mars com l'ull de Déu.

Co seu decoro habitual, Manuel Rodríguez López traduce estes dous versos:

onde un faro releva de noite o astro do día,
vixiando terra e mar coma un ollo de Deus.

Ignoro, arestora, se estes versos foron aducidos, hai meses, polo Concello da Coruña, para que a emblemática Torre fose declarada Patrimonio da Humanidade. Nas guías turísticas deberían figurar os versos de Verdaguer, no orixinal catalán e na versión galega de Rodríguez López. Fágase ou non no futuro, neste artigo manifestamos a nosa gratitudade ó tradutor de tan importante e orixinal obra literaria, e, asemade, tributámoslle a nosa afervoada homenaxe.

Xesús Alonso Montero
Vigo, setembro, 2009

XIV Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López.

O Concello de Paradela, co obxectivo de potenciar a creación literaria,
convoca o XIV certame literario:

PRIMEIRA: Poderán concurrir anualmente ó certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, tódolos autores que o desexen, calesqueira que sexa a súa nacionalidade.

SEGUNDA: Establécese un premio de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de poesía e outro de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de narrativa.

TERCEIRA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos; nos dous casos mecanografiadas (ou a ordenador) e a doble espacio. Deberán ser orixinais, inéditas, non premiadas en cualquier outro tipo de concurso e estar escritas en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria; podendo o Xurado reservarse a facultade de conceder os accesits (carentes de dotación económica) que estime oportunos.

CUARTA: O plazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trintième de novembro de dous mil oito. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, á seguinte dirección:

CONCELLO DE PARADELA
Certame Literario
(Modalidade Poesía / Narrativa)
Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela (Lugo)

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do/a autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia e declaración formal de que a obra se axusta ás normas contenidas na base terceira. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

Modalidade: Narrativa e Poesía.

Bases

No caso de participación nos dous apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

QUINTA: O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo o día 1 de marzo de 2009 e farase público polos medios de comunicación; comunicándose personalmente ós gañadores. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o plazo máximo de 6 meses, contados dende o momento do fallo.

SÉPTIMA: As obras non premiadas, así como a súas plicas, non serán restituidas, sendo destruidas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2008.

OITAVA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, o día que estableza o Xurado.

NOVENA: A resolución de tódalas cuestiós que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 2008.

Reunidos no Salón de Sesións do Concello de Paradela, sendo as doce horas do día vinte e tres de abril de dous mil nove, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. Santiago Rodríguez López (Filho do home-naxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego); D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación provincial de Cultura e Deporte); e D. Xavier Rodríguez Barrio (escritor) como vocais. E D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeuse a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo certame literario dende a súa creación estando xa na súa XIV edición, efectuando un balance altamente positivo por canto pese a escasa cuantía ou escasa dotación económica do premio e o carácter de pequeno municipio rural do organizador, ano tras ano, mantense unha importante participación frente a acadada en outros premios provinciais que contán cunha maior asignación económica, motivada en gran medida polo feito de que as obras premiadas e accesits son posteriormente publicadas, pese o importante esforzo que elo supón para o Concello de Paradela.

Respecto a presente edición o xurado igualmente resalta o gran número de obras participantes con gran protagonismo das recibidas, sobre todo, do extranxero, así como a mellora da calidade das obras e o afianzamento do certame literario, como é o feito de que unha das obras presentadas na categoría de narrativa baixo o título “Hai Padriño” da autora Dona María Carme Caramés Gargal, foi retirada, xa que a propia autora comunicou a obtención dun premio pola citada obra.

Destacar a dificultade do xurado, pola cantidade e calidade das obras presentadas, xa que media ducia de obras poderán ser obxecto de premio en ambas categorías.

Presentáronse un total de 190 obras, 106 na categoría de poesía e 84 en narrativa. Das 106 obras na categoría de poesía, 79 están escritas en castelán e 27 en galego. No apartado de narrativa, das 84 obras, 9 foron escritas en galego e 75 en castelán.

Fallo do xurado

Acta de constitución

“XIV Edición Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema **DEDALEIRA**, titulada **NOSOUTRAS**. Aberto o sobre comprobábase que a obra pertence a **Dª. ALBA CID FERNÁNDEZ**, de **Ourense**.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit** no apartado de **POESÍA**.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o lema **CÁRGAMEL**, titulada **ANATOMÍA DEL FRÍO**. Aberto o sobre comprobábase que a obra pertence a **Dª. SARA CASTELAR LORCA, de Dos Hermanas – Sevilla**.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o lema **RIBELMA**, titulada **ELES NON SABEN**. Aberto o sobre, comprobábase que a obra pertence a **Dª. Mª ISABEL GÓMEZ ARTO**, de **Boimorto – A Coruña**.

SEGUNDO: Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema **AURUM**, titulada **MARCHA TRIUNFAL**. Aberto o sobre comprobábase que a obra pertence a **D. ALBERTO RODRÍGUEZ DÍAZ**, de **Ourense**.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésit no apartado de NARRATIVA**

-**Accésit**, á obra presentada baixo o lema **EUGENIO AGRA-MONTE**, título **EN CLAVE DE FUTURO**. Aberto o sobre, comprobábase que a obra pertence a **D. Juan José Ruíz Moñino**, de **Las Torres de Cotillas - Murcia**.

-**Accésit**, á obra presentada baixo o lema **LAS NEGRAS SOMBRAS DE TODOS**, título **EL ESPERADO**. Aberto o sobre, comprobábase que a obra pertence a **ISABEL JULIÁN QUIROGA**, de **Madrid**.

E para constancia do tratado, levantase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e trinta minutos, do que eu como Secretario dou fe.



Alba Cid Fernández

Nada en Ourense en 1989. Comeza moi cedo os xogos coas letras, gañando premios de relato curto e poesía en múltiples concellos galegos: Muíños, Ourense, Curtis, Cervo, Paradela, Lalín, Pontedeume, Ames, Teo, Lugo, Santiago...

Foi Finalista Nacional no 43 Concurso de Redacción Coca-Cola, e unha das gañadoras de Relatos do Verán (2001) de La Voz de Galicia.

Acadou o 1.º premio de Poesía Anxel Casal por dous anos consecutivos (2006, 2007), ou o 2.º nos Minerva (2007), así como varios nas distintas categorías do Francisco Añón de Poesía do Concello de Outes, o 2.º e 3.º Premio no Certame Rosalía de Castro de Cornellá (2006, 2008) e o 2.º de Poesía no Certame GZ Crea (2007)...

Ademais de ter a súa obra esparsa en diferentes publicacións dos concellos citados, participou no libro colectivo Poética da Casa (2006).

Nosoutras

Alba Cid Fernández

A todas as que, anteriores,
deron forma aos meus pés e senso aos meus pasos

Entre esta vila que desando e as vosas corgas infinitas
 prende áinda
 a herba primeira
 que deu acubillo a todas as infancias.

Pénsovos
e vou descalza –en homenaxe–
 polos sucos atlánticos das vosas frontes
 polos vales montesíos das vosas costas
 por esta xeografía poderosa,
 –estas fauces de conto altivamente salvaxe.–

Mulleres de corisco e lume,
antes de vós, non houbo nada.

Médranme as pólas doutro inverno
e abrocho, perenne, por contarVOS.

Cando eu marche a tecer a vida,
os vosos nomes ficarán escritos nas miñas ínguas
 para imantarme coa delicia de todas as Ítacas.

BISAVOA

Ela foi quen mo ensinou:
hai estremas –nas terras– anteriores a toda memoria.
hai unha guerra –nos adentros– anterior a todo espasmo.

Nena enxendrada na lentura dos regos,
salitrada
á marxe de todo océano,
tiñas vocación de marisma.

Levabas dentro a forza anterga das trabes
como o pastor leva os ouveos do val en convención
–na bisectriz terríbel da tormenta–

Eu non distinguía lúas novas de plenilunios
pero enfiaba feliz as horas de sol no teu colo.

Quería versarme en quilómetros,
e as túas retinas contiñan
cen peregrinaxes de segadores
pola raxeira malva da escaseza.

Hoxe mírote no pouso dos meus ollos outonizos
e falo,
nai de avoa,
dende a dentame
da fotografía sucia que rebordas
con voracidade de incendio.

Estampa dos teus bucles doutrora.
Es cerdeira **anterior a toda primavera.**

AVOA,

se penso en ti, fágome horizonte que a aldea reclamará como propio.
Lama creadora, viúva de vivo,
colleiteira de trebóns nos hemisferios plenos do peito.

Cando a paréntese das pinzas do alacrán
circunscribía aínda a miña visión do val,
ti,
coa forza añil das fontes que nunca estían,
dicíasme xa que medraba
ao ver o trigo ondearme elíptico onda a cintura.

Foron os teus dedos pasados
inventándome as futuras ondas dos cabelos,
o aceno do teu corpo de candil e fío
ao loubáreste costureira.

Nai de nai,
anterior a toda ventoeira,
quen me dera atopar pousada
nas liñas premonitorias desta nena mau dereita.

NAI,

que me contas como debo cantarme
neste preludio de anos medio abertos,
como alentar neste repertorio de ausencias impostas,
como axeitarmos, en fin, o vimbio mollado –da vida–
ao antollo dos dedos.

Eu que non me entrego, nin me emigro,
quixen sobrepoñerme a todo e enCANTARNOS.

Hei trenzar unha cesta que conteña todas as lúas líquidas de
NOSOUTRAS,
os dedais dos anos, os quinqués das horas.

Porque son eiquí, coma vós,
Aureana anterior a todo Miño.



SARA CASTELAR LORCA

Poeta granadina residente en Sevilla, nacida en Hannover (Alemania) en 1975. Autora de los poemarios inéditos "Verso a tierra", 2008 y "El Pulso", 2009 . Ganadora de varios premios a nivel nacional: "Premio Fundación de la mujer de Cádiz", 2009, "Certamen Pilar Paz Pasamar", 2009 "Premio Juan Cervera", 2009. Ha publicado poemas en las revista Aldaba (Sevilla), Aguamarina (Vizkaya), Espantapájara (La Serena - Chile), y en la antología de poesía erótica El buho Rojo 2008, entre otros. Forma parte de los grupos poéticos Alaire y Ámbito y es redactora de las revistas del mismo nombre y codirectora de la revista espantapájara con edición en Chile y en España.

Anatomía del Frío

Sara Castelar Lorca

I

Era invierno en la mirada del agua,
sus esquinas de escarcha erosionada
en la perfecta unión de los minutos
recordaban los tiempos de la lluvia,
el inevitable paso de los siglos.

Era invierno o verano perezoso
ya no lo recuerdo -
aunque sé que los pájaros sonaban
acompasando los perfiles del aire
y me llegaba la voz de las mudanzas
en las que se trasladan los sueños
a la cronología de lo absurdo.

Era ese tiempo en que las cosas
aun se parecían a sus nombres
e inventaban a solas una imagen
en la que bautizarnos de inocencia.

II

Llegaron a tener nombre las estatuas,
las plazas y los puertos que nunca visitamos
incluso el sonido del mar que no fue nuestro
por miedo a delatarse,
a ser un náufrago sediento en tu retina,
la insondable marisma del misterio.

Llegaron las noches a inventar veranos
de colores opuestos a la ausencia
de matices que sólo se perciben

cuando se quiebra la voz en el deseo,
en la cicatriz del agua que no amaina.

Llegó el frío a urdir una estrategia
con la que salvar su origen del incendio
de saberte cercano, de intuirte
como siempre intuye el fuego la ceniza.

III

En la estación al sur de la mirada
las palabras se desprenden de tragedia,
inhabitante andén que sobrevive
más allá de la frontera del invierno.

Sé que podría esperar eternamente
como se espera el tren de los olvidos
que no acaba de llegar aunque es de noche
y las luces no entienden de abandono.

Una estación al sur y se repite
su secuencia de vida en la penumbra
de donde parten las manos a inventarse
el tacto mustio de una despedida
de la que nunca se regresa a tiempo.

Y es mentira,
nadie es capaz de irse para siempre.

IV

No descanso en profundas cicatrices
como descansa el mar en una grieta
o el agua dulce de los ríos
que habita en el misterio del océano
la imperturbable paz de las pavesas.

Y no pronuncio el nombre de la herida,
la envergadura exacta de su borde.

Una lengua esmaltada en la desidia
se me desborda a golpes de silencio
y es su sangre más roja cuando calla
que si grita dolor o lo descubre.

V

Yo entonces era otra.

Pero no he renunciado ni al amor ni a la herida.

Elsa López

Hubiese bastado la eternidad
- o acaso alguna fecha -
para reconocernos cuando el tiempo
decidiera marcharse
con las manos y el sueño entumecidos
de tan largo viaje que fue el nuestro,
de tanta soledad como gastamos
cada uno en su propia indiferencia.

Quizás debí negarme a este regreso,
a pronunciar de nuevo la lengua de la carne
a extirpar este dolor tan mío
en el que aún tiembla el pulso de tus pasos
y se derrama la luz sobre tu sombra.

Hubiesen bastado las mismas despedidas
que sirvieron de frase irreparable
para dejar abierto el daño si acaso regresaras,
porque no he renunciado al amor ni a la herida
a pesar del exilio en que me quiebro
- inevitablemente -
con la misma exactitud del abandono.



M.ª ISABEL GÓMEZ ARTO

Nacín no ano 1966, en Fisteus (Curtis). Dende cativña sorprendiame o mundo da palabra como forma de comunicación e a lectura como a danza da vida. Estudei Administración de empresas e púxenme a traballar con vinte anos como Asesora Laboral e Fiscal, traballo que sigo a desempeñar na actualidade. Teño rematado un poemario "Silenzos e tormentas" e ando a traballar nun seguinte "Os columpios invisibles". Con este recoñecemento comenciei, con satisfacción un blog "xeografía-conesquinas" que vai medrando en versos, fotografía, opinións e novas amizades construídas a través da visualización de outros blogs de xente con semellantes inquedanzas. Ribelma.

Eles non saben

M. Isabel Gómez Arto

Eu son moi valente, por iso teño tantos medos
son utopía nos ollos da xente, que non mira
son muller de tenrura, unha fada,
unha semente
son alta, loira, de ollos verdes
mais

Eles non saben
que me conformo
con abrazar o vento e as nubes
que son unha bolboreta suspendida no fume
que me sinto perdida, etérea, vaga, sen rumbo
que cando chove non teño a onde ir
que me sento nun banco de pedra,
cuberta de pedra,
sobre un chan de pedra,
para refuxiarme da auga
mentras mozas carnosas e anónimas
esperan o autobús, na parada
O autocar non sabe que elas teñen presa

Eles non saben
que necesito escribir,
suspenderme no abismo
para romper a morte da miña mirada
que algo impide á miña lingua pudorosa
falar e falar ata quedar cansa
só quero como un monicreque ,

dar forma coa palabra
esquecerme daquela muller
melancólica e sombría
que levo cravada nas entrañas
entre farrapos que se descolgan de mí
partíndome en cachiños de mapoula a alma
Eles non saben

que sigo a sentir

cadeas tras a ventá, ó deitarme
no ruxir das sabas caladas
cada vez que a vida se estrela no meu espello
ese que me devolve á miña condición humana
feita de ósos e de carne, de desorde
de ausencia de normas, de vida baleira
sen horarios, co falar quedo, amorriñado
afogar e seguir tragando auga
seguir a bailar unha danza oxidada
afogar e seguir tragando auga
afogar, seguir, afogar en auga
Eles non saben

que necesito

a paisaxe libre da aldea, sen cicatrices
soñando xunto a mí perdida no tempo
amando cada respirar fondo
o ceo que non morre nunca no alto da meda
mentras unha canción soa
lembro o seu camiñar, a súa entrega
meu pai, nace en mí como fonte de auga clara

con xenerosidade, nobreza e bondade
xogando entre carreiros de palla
facendo lume na lareira
mesturando cinza con paciencia
Eles non saben

que son consciente
de vivir nun recuncho
no murmurio das verbas con presa
onde está a dor, a rabia, a fortaleza
onde amar e unha ilusión, unha torpeza
e dame medo o home
e doume medo eu
non quero mergullarme en caras sen ollos
nin morrer abrazada a corpos crús
ser unha anémona no baladre do balo
limpando os días das farangullas innobles
conato impertérrito sempre de vida

Eu son moi valente, por eso teño tantos medos
Eles non saben

NIN QUEREN SABELO

M^a Isabel Gómez Arto

Premio Narrativa



ALBERTO RODRÍGUEZ DÍAZ

Alberto Rodríguez Díaz naceu en Ourense o 11 de agosto de 1982. Licenciado en Dereito pola Universidade de Vigo, ingresou no Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado obtendo o número un da súa promoción. Actualmente traballa para a Dirección Xeral da Mariña Mercante na Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa. Asemade, compaxina o seu traballo coa labor de crítico cinematográfico na Radio Municipal de Allariz, no programa "Banda Aparte" e no blog de cinema "Autofocus". Por mor da súa afición ao cinema, ten participado en diversas mesas redondas e cinefórums organizados pola Universidade de Vigo e por Centros Socioculturais. Como escritor, debutou no ano 1999, con 16 anos, obtendo o IV Premio literario Ánxel Casal, na modalidade de conto, organizado polo Concello de Santiago de Compostela, coa obra "O pecado e a donicela". Ao ano seguinte, 2000, gaña un accésit no XVII Concurso de Contos para a mocidade da Casa da Xuventude de Ourense co texto "Caeu a noite". Este texto sería publicado na revista "Algália" no ano 2002. Ese mesmo ano, conquire o 3º premio no IV Concurso de contos ultralixeiros de Chantada coa obra "Mátame a melancolia". No ano 2005 faise co 1º premio na modalidade de relato no concurso de relato, poesía e tradución que convoca anualmente a Universidade de Vigo. A obra presentada chámase "Os reinos da conciencia". Despois de case catro anos de silenzo, o autor consigue no ano 2009 o Premio Manuel-Oreste Rodríguez, organizado polo Concello de Paradela con "Marcha Triunfal" e o Premio Ourense do XXVI Concurso de Contos para a mocidade da Casa da Xuventude de Ourense co texto "Sombras para despois de Walpurgis".

Marcha triunfal

Alberto Rodríguez Díaz

* Para Marina Díaz Fernández

Esta terra é terra de ouro, meu amigo, dígollo con toda sinceridade e os que me coñecen saben ben que eu non adoito trabucarme. Do mesmo ouro lle vén o nome da cidade: Auria, Oira, Aurianova... ¡que máis dará!

Non sei se Eladio Quintillán, o “Aladio” entre os veciños, se engana ou non a cotío. O que sí sei é que fala co bico torto e anda cos ollos atravesados por mor dunha molladura que pillou ao caer ao río dende uns penedos esvaradíos, na Lonía. Así que, polo xeral, cómpre non facerlle moito caso, que aos limpabotas da Praza Maior zóanlle todo o día nos ouvidos as súas monocordes digresións e más dun ten perdido a mañá enteira por lle entrar ao trapo inxenuamente. Hai mañás que, cando se perden, xa non se recuperan máis. De tódalas maneiras, eu quixera facerlle xustiza a Eladio Quintillán e o mesmo debe de pensar o paseante que o cruzou na Praza do Ferro, Arístides Berández, fillo de pai maragato, xa que asinte con reverencia a todo canto lle di.

A cidade segue, meu querido amigo, continúa Eladio, malia que os homes van morrendo. E vai medrando pouco a pouco e todo aquel que veña ata aquí ha poder atopar, sen grande dificultade, homes bariles dispostos a traballaren e mocínas xeitosas e falangueiras.

Eu, se me desen bo champaña, brindaría gostosamente por algúns verbas de Eladio Quintillán. Nefeo, a cidade medra a bo ritmo e espállassese con grande celeridade polos catro puntos cardinais da Rosa dos Vientos, tal se se tratara dun tecido canceroso. E, sen embargo, non se pode negar que, ás veces, o progreso aniña somentes no pensamento do home, perdido e esquecido nun microcosmos remoto do que nunca saiu para buscar comparanza.

Eu non podo renunciar á miña identidade, negar que a miña Auria existiu, nalgún tempo e lugar determinados e que as súas xentiñas viviron felices ao abeiro do Miño e tamén padecerón máis de conta, cando lles tocou. E non podería negar a miña Auria porque, como ás nais, cómpre querela coas súas virtudes e coas súas eivas.

Agora podería facer un pequeno exercicio descriptivo, por non deixar nada para a imaxinación, comezando por me referir ao esencial, a súa

xeografía física e rematando polo particular, a súa xeografía humana, os seus habitantes, cuxas línguas se violan ata daren a luz ao ilexítimo castrapo.

Poderíamos comezar cun “Noso Señor sementou vida por todo o val”, como dirían os piadosos ou os eséxetas do Xénese. A vella Auría, como tódalas boas prostitutas, coñecía ben os segredos dos homes que durmían nela...

A cidade muda de cheiro e de cor segundo a estación que cadre, como mudan as cóbregas de pel. A climatoloxía é estrema, ou iso din as xentes, que sufren a miúdo nos seus ósos os caprichos das isobaras. Friaxe no inverno, ventos racheados, neve de cando en cando e todo ben ensarillado con teimudas chuvias torrentías. No verán, a calor pegañenta, febrenta, derrete as pedras, vaporiza a auga e saca os lagartos dos escondedoiros. A lexión de moscas invádeo todo, como se de pertinaces hostes napoleónicas se tratase. Os paisanos agarran La Región –exclusivamente orensano desde 1910- e estámpana contra os intrépidos kamikazes. Nalgúnha ocasión, mesmo quedan esmagadas contra as páxinas de necrolóxicas, como caracteres de imprensa. Ás veces, o Destino ten estas cousas e os homes xúntanse coas moscas cando xa non se pode facer nada por uns e por outras.

Dise normalmente que é a Historia a que xulga os povos. Eu són-lles da opinión de que a Historia tan só se limita a pasar, mainiña como unha lesma, imparcial. Ningún se lembra xa dos que morreron algunha vez e a xente de hoxe só busca meter cartos no peto e ascender de categoría, de porco a marrán, se me permiten a expresión.

Hai unha rúa moi pina e ancha á que lle chamaron sucesivamente Obispo Quiroga, Arzobispo Quiroga e Cardenal Quiroga e así seguiría a mudar de nome se o tal Quiroga continuase remontando chanzos na Xerarquía.

Aló pasan dúas vellas a carón dos falantes, con mantón, saia, blusa e veo negros. As campás da Santa Eufemia tocan a defunto. Ao pasaren á beira de Eladio Quintillán e máis Arístides Bernárdez dan en marmuraren, rumiando como cachenas. E todo lles vale para lle sacar punta: os cornos dunha, a eiva doutro, a afición polo empire daqueloutro... Só os cregos se salván, amparándose quizais, no Divino Ministerio. Di unha, de torvo nariz e níveos cabelos, á par da pantasmagórica faciana: Pobriño, Dios o podía levar con el dunha vez. ¿Como se puxo dessa maneira? Unha vez quíxose matar e guindouse ao río dende a ponte da Lonia. Algunxs din que caeu ao esvarar nuns penedos, pero non fagas caso, que se tirou pola súa conta. A outra vella, derreada como o nariz da súa comadre, é verdadeiro Rexistro de nacimentos e defuncions ambulante. Agora sabemos que tamén leva conta das ten-

tativas de suicidios. ¿E por que se querería matar? Hai quen di que porque lle morreu a moza, da tisis. Outros que porque o botaron da Eléctrica, onde traballaba con moito sacrificio, que máis dará, conclúe a nosa accidental rexistradora con certa severidade. O caso é que pouco ha durar e iso é o mellor para él e para todos nós.

As vellas, de nome descoñecido para nós, entran na ateigada igrexa poñendo cara de tristura e desconsolo polos que marcharon e, á vez, de compaixón polos que quedan que é a cara que cómpre poñer nesta faena e, a dicir verdade, estas señoras están xa ben curtidas no mester de carpideiras amadoras.

Eladio Quintillán anda sempre ao seu, é como un neno pequeno e, cando o botaron da Eléctrica porque lle doía unha perna, non lle colleu ranco a ninguén, o cal, se cadra, era de agardar. Ía pola fresca a carón do río, non moi lonxe do Campo dos Remedios e contemplaba a entrada dos que foran os seus compañeiros. Non tiña morriña. Eu non estraño nada, adoita dicir. Para onde me queiran levar, alá vou. Deixábbase escoitar o asubío do afiador, sempre coa roda por diante, cicelando leviás melodías na néboa. Os parrulos collían medo e fuxían, emprendendo un voo zoupón e impreciso. Non é xa necesario que me refira á néboa, que subía pola mañanciña ao longo e ancho do Miño e era semellante a nata que vai criando o leite cando arrefría. Algunhas veces, a Eladio Quintillán dáballe por ver debuxos e formas xeométricas no fume que trousaba a cheminea de ladrillo de Buenaventura Reverter. Supoño que será a vantage das crianzas, que non entenden de dogmas nen de retóricas e teñen na súa infancia, como dixo o poeta, a súa patria más segura.

Eu aínda penso vivir moitos anos, polo menos para ver como esta cidade medra e os seus límites se perden no horizonte, díolle a Arístides Bernárdez, contradicindo os arelos das vellas, e quen sabe se poderei atopar ouro algún día destes, ¡que carallo! Non debe dicir vostede a palabra "carallo", que dá moi mala impresión nun home de ben como vostede, replicoulle o fillo do maragato. Saiunos señorita o neno, riu a cachón o Aladio, coa súa boca deforme. Eu vou dicir os carallos que me dean a gana e me veñan á cabeza, que non lle teño que render contas a ninguén. De momento temos República e oxalá que a teñamos por moitos anos. O certo é que a República non duraría moito dende as verbas de Eladio Quintillán. Non sei se ata que Deus quixo, mais dende logo sí ata que quixerón os seus representantes na Terra e tamén ata que quixerón uns militares moi rabudos que viñeron da lonxana África, ao mando dos cales estaba un xeneral de pequena estatura,

bigotiño –que a algúns tiranos lles vén de fábrica- e unha feble vociña, moi semellante á que gasta a miña tía Engracia, que vive en Vilanova dos Infantes.

A cidade murchou, foi decaendo inexorábelmente, como se fosse o enfermo que vai perdendo folgos por mor da súa doença e así, dun día para outro, houbo casas ás que lle faltaba xente e en cuxas bufardas e tellados se instalou o pranto e o espanto indefinidamente.

* * * * *

“Hago saber: Las circunstancias por las que atraviesa España exigen a todo ciudadano español el cumplimiento estricto de las leyes y por si alguno, cegado por un sectarismo incomprensible, cometiera actos u omisiones que causaren perjuicio a los fines que persigue este movimiento redentor de nuestra Patria, esta Junta de Defensa nacional, celosa de cuanto constituyen sus deberes en momentos tan solemnes, ha decidido la ratificación de estado de guerra...”

Bernardino Paradela ten unha barbería na rúa do Vilar e pode considerarse un fulano con paciencia, se ben é certo que o seu é oficio que require moito sosego e, sobre todo, bo pulso, xa que o gume se achega perigosamente ás orellas, varrendo a mesta escuma. Agora, algo hai que alporiza moito a Bernardino e é o Barrio Chino que está preto da súa barbería ou más ben os berros das meretrices e os pantocrátorees que botan algunas veces os seus clientes. Non sobra aquí dicir que Bernardino Paradela, como é solteiro, ten solicitado más dunha vez os servizos das meretrices. Ocorre, sen embargo, que cando isto pasa, o noso barbeiro vén de chimpas nove ou dez cuncas de godello na taberna máis próxima e, polo tanto, anda coa percepción alterada e lembra os acontecementos con distorsións.

Está mañá, Bernardino e a súa clientela andan moi preocupados, porque hai uns días que comezou a Guerra. Transita pouca xente polas rúas silandeiras, áinda que de vez en cando se escotan berros de euforia e ¡Arriba España! Os cans vagabundos, que sempre andan coa cabeza gacha e co esqueleto en relevo, tal se fosen caballos de Brueghel, están hoxe máis susceptíbeis que nunca, semella que xa ventean o sangue dos paseados e se se lles achega alguém, botan os desamparados cairos.

O barbeiro Bernardino Paradela ten esta mañá catro cabezas que traballar e tamén os correspondentes afeitados, que os catro clientes teñen xa bo barballo. Por máis que o rapador se mira no espello, mentres choia, semella que non se atopa nel, que non dá con esa cachucha de porco cebadío, na cal moran dous ollos saltóns, un nariz botado para adentro, ergueito tamén como o fuciño porcino e unha boca ampla, como un buzón de

Correos, dentes áinda ben formados, pequenos e obedientes, engastados nas xenxivas por entre as cales se extraviaron, como intrépidos expedicionarios, anaquiños de freba e ínfimas porcións de chourizo, ireductíbeis a pesares de mastigalas e mastigalas un bo cacho.

O silenco, de velorio, é inédito ata o de agora no local, mais hai situación nas que é a mellor resposta que a xente acerta a dar e tanto os catro homes como o barbeiro fitanse incrédulos, sen saberen moi ben que dicir.

Ao fin ousa artellar palabra Bernardino Paradela e, recorrendo ao tópico da nai visionaria que, a posteriori, lle rifa ao fillo, di: Era visto, dígovelo eu, as cousas que mal comezan acaban mal por forza. E un dos clientes, que ten unha ollada acuosa e sanguinolenta e que, con todo, semella moi fiel, asinté cun dito que ouviu hai poucos días na feira e que, sen embargo, atribúe a seu bisavó: Xa o dicía meu bisavó, que a toda mala sementeira segue mala colleita.

O certo é que o bisavó deste cliente (áinda que xa sabemos que non o dixo) mal podería dicir cousas así, que nunca tivo ouvido para a retranca, mais co aquél de sobreiro encarraxado que tiña, dábaselle moi ben o corpo a corpo e participou na represión dos pronunciados na Coruña, no ano mil oitocentos quince, con Porlier á cabeza.

Hai outro cliente que se chama Eliseo Babarro, que ten o corpo malferido como se caese con estrondo escaleiras abajo, de tanto que lle zoupa a muller e tan só se sente home cando mexa e cando vai ao barbeiro, xa que outras veces nen el mesmo sabe moi ben que pinta neste mundo, aturando pau sobre pau e aldraxe sobre aldraxe. Eliseo Babarro non dí nada, non se sabe se porque a terrorífica man de súa dona lle alcanzou algún órgano fonador e lle fundiu a voz, ou se porque está sobrecololido co curso dos acontecementos.

Os outros dous clientes son o tratante Emilio Lourenzo Primeiro e más seu fillo, Emilio Lourenzo Segundo, xordomudo de nacemento, ámbolos dous veciños de San Cibrao das Viñas, que andan en Auria coa intención de facer un negocio cun comprador e, se non hai novidade, irán xantar ao Mesón do Roxo.

De súpeto crebouse o silenco por un pranto histérico de muller, non moi lonxe da barbería de Bernardino Paradela. É unha muller pequenota, partida en dous pola dor de non saber onde vai seu fillo, que desapareceu a noite anterior.

Os vecinos arremuiñanse desconcertados a carón da desesperada nai. Hai un que se chama Antonio Barroso, amigo da familia, que non sabe

moi ben como dicirlle á señora que viu o corpo do mozo botado nunha cuneta, cheo de chumbo, en Vistahermosa, preto do Convento de Nosa Señora.

Os paisanos coleron moito medo e encheron as panaderías para fornecérense de bolos. E mentres uns mozos aparecían nas cunetas, outros ían nas quintas cara o campo de batalla, reclamados para loitaren contra seus país, contra seus irmáns ou contra os seus amigos, en fin, para se mergullaren na senzaron.

Unha señora que se chama Enriqueta di algo que fai reflexionar aos que están na fileira, á porta dunha panadería do Centro e que se semella moito a un pensamento que algún día debín de ler eu e que coido que pertencía a Herodoto e é que a diferenza entre a paz e a guerra é que na paz os fillos soterran a seus país e na guerra os país soterran a seus fillos. E outra, que suspira pola legalidade republicana que se vai esvaecendo, afirma que as leis que fan os gobernos elixidos polo pobo acabarán con estasinxustizas. Pobre muller, que aínda non aprendeu que, ao ver de Cicerón, en canto falan os tambores, as leis fican caladas.

Entrou correndo na barbería de Bernardino Paradela, cando saían o tratante Emilio Lourenzo Primeiro e máis seu fillo. Non sacaba alento, viña case sen folgos. Dominguiño Romero, un mocío que gañaba o pan de recaideiro. Era cliente da barbería, pero aquel día non tocaba. Achegouse a Bernardino. ¡Chegou un forasteiro, chegou un forasteiro á nosa cidade no tren, don Bernardino!, berrou o filípedes ocasional. ¿Un forasteiro?, inquiriu con sorpresa o cliente que tivera un bisavó soldado. Corren hoxe malos tempos para que veñan forasteiros. A ver se non é un forasteiro, dixo Bernardino Paradela. ¿Estás convencido de que non o viches antes? Estou, estou, responde o rapaz, amolado pola desconfianza do barbeiro. É alto, moi alto e tamén moi fraco. Ten os ollos azuis e o cabelo curto e loiro. Leva a raia feita a tiraliñas. E tamén un traxe que semella moi caro, perfumado todo el e vén fumando unha cachimba. Con el vén unha muller, un pouco máis baixa do que el, que debe de ser súa dona. Leva un vestido moi elegante e o cabelo recollido. Ten os beizos pintados e tamén os ollos más fermosos que vin na miña vida, que semella que teñen vida á marxe da súa propietaria. Ule moi ben, como o home. Aínda veñen outras dúas persoas máis, unha moza da miña idade, aproximadamente, que leva as maletas, dúas e un home duns corenta anos que ten un ollo de vidro e algo de barba. Coido que non son das nosas terras, porque falan unha língua moi estraña que non vin xamais. Ao mellor é xornalista, que os xornalistas sónche moi rariños, ocórreselle dicir a Bernardino Paradela.

¿Que díáños viñera facer á vella Auria, ao pouco de comezar a Guerra fraticida? Mellor aínda, ¿quen sería aquel home tan distinto dos nosos paisanos, que viaxaba coa súa comitiva e con dúas maletas e que, amais, falaba un idioma descoñecido, que ninguén ouvira antes, quen era?

* * * * *

A nai do mozo paseado chámase Alicia Quintas e leva uns días murchiña, como é normal. Ao problema de perder un fillo uníuselle a terríbel desgraza de non lle poder dar sepultura en San Francisco nen en nengún cemiterio, por roxo. Pero o mozo paseado tiña unha irmá que se chamaba Amparíño e que non estaba disposta a soterrar a seu irmán como a un can. Prometeulle algo que non conto ao enterrador de San Francisco e éste, que levaba tempo sen chiscar, deixouse levar e soterrou o mozo moi en segredo, con nocturnidade. Ocorreu despois que ao enterrador embestiuno a conciencia e aínda non pasara un día do soterramento cando foi cantar onda a Autoridade. O Governador púxose entón moi nervioso e tiveron que darrile unha herba luisa. A Garda Civil foi á casa do mozo paseado coa orde de prender a súa irmá. Levárona á vista do Governador, que xa estaba máis calmoso. O primeiro que lle preguntou foi por que o fixera. Ela respondeulle que porque era obriga súa soterralo en camposanto. Entón, o Governador díxolle que se sabía ou non que seu irmán era un roxo, un ateo e amais un marica e que por iso había que soterralo extramuros. Amparíño, á cal seu irmán lle lera algúns dos libros que gardaba nun caixón e que, tempo despois, serían queimados por blasfemos, respondeulle o que segue: "Pero, por favor, se Deus lle quere ben a tódolos seres humanos porque son seus fillos, ¿que fixen eu na contra de nengunha Lei divina? ¿Para que chamar a Deus para que me valla, se por obrar con piedade, ao meu xuízo, me prenden por roxa? Porque, se é certo que isto merece o parabén de Deus, hei de dicir que padezo por estar en pecado e, se pola contra é El quen pecou, non lle desexo outro mal que o que a min me farán padecer inxustamente."

O Governador non entendeu ren, que bo traballo levaba xa para ler o que dicía nos documentos que lle daban para que os asinase mais, tan sobrecololido quedou, que decidiu deixala en liberdade e esquecer o asunto. Por un morto máis ou menos non había pasar nada.

i* * * * *

Agora imos retomar o conto que axiña se espallou como a pólvora por toda a vella Auria, o do estranxeiro que chegou de lonxanas terras, cunha

muller que ben podería ser súa dona, cunha mociña que ben podería ser a doncela e cun home que ben podería ser o...

O estranxeiro e máis os seus acompañantes coleron as mellores habitacións do Roma. Mientras, o barbeiro Bernardino Paradela tirou unha noite matinando na enxerga en quen sería ou non sería aquel forasteiro que o recadeiro Dominguiño lle describira.

Pois non fan moito barullo estes individuos, apunta estrañado o dono do Roma. Súa dona asinte. A estrañeza veulle ao home porque naquel tempo non era difícil que ao Roma fose algúns burgués adiñeirado, botar foguetes coas "conquistas" e o balbordo ouvíase sen problemas.

Arnulfus von Kopfman, coronel da Wehrmacht, está moi canso. Na OKW¹ recibiran informes de que nun río do Noroeste español chamado Miño había ouro. Polo tanto, decidiran envialo, de incógnito, á procura do prezado metal contando, obviamente, co prace do aliado español. Con el trouxo a súa dona, Gretel, a remilgosa Gretel, coa doncela Anna, que é moi mandadiña e máis o tradutor Sebastián Foloso, buscavidas que é de Allariz e de mozo participou na Grande Guerra a carón da Triple Alianza, así que, en consecuencia, entende ben o alemán.

Xa dixen que o coronel Arnulfus von Kopfman vén moi canso da longuísima viaxe e somentes quere repousar. E, por outra banda, segue o acoso sen tregua por parte de Gretel, que non desiste da súa intención de criticalo todo. Ben, cun pouco de sorte, poderá botala ao río, se é que leva bo caudal.

Arnulfus quere comenzar canto antes cos traballos, é home que, en canto ten preocupación, quere desfacerse dela coa maior prontitude. Vén moi canso, é certo, mais aínda cansa máis nas maratonianas cacerías de venados nos bosques de Baviera.

Agora a descansar, que mañá será outro día.

* * * * *

A Guerra mudou algunas cousas na vella Auria. Mudou a bandeira tricolor, substituída pola bicolor e polas enseñas da Falanxe, mudaron as asociacións e os colectivos dos obreiros. A xente fixose moi cadela, moi silandeira. Ningún falaba máis da conta, todo o mundo levaba algo de desafío, de insidioso delator na ollada, en vangarda e as unllas ben afiadas e limpas en retagarda.

Marcha triunfal

É certamente paradoxal que a invernía entrase polo Sul e no medio de Xullo. Salmodiaban as pegas nos amenceses silentes, que ata visitaban a cidade con certo temor a seren confundidos con inicuos anarquistas, con noxentos comunistas ou con simples desertores, que arelan unha vida mellor sen asubío das balas.

Adrián García arrimou ao ceo da boca o Colt que, denantes de ser de seu pai, fora xa de seu avó. A descarga foi breve e pechada, como anunciando que non había vir outra despois. Choutou o sangue contra a parede, configurando un lenzo atroz. A morte foi instantánea. O corpo caeu con violencia. Adrián García, como tantos republicanos, viuse obrigado a calar pola forza. Non estaba disposto a loitar contra exércitos invencíbeis, cuxa vitoria estaba xa asegurada de antemán. Vira como os seus mestres se rebelaban contra os rebeldes que, férridos e escuros –dícián eles– teimaban na imposición dun réxime represor e sanguento. Mais el, pesimista, acurrallado nunha rúa sen saída, decidiría renunciar á praxe marxista. Quizais era un covarde. Como na Lección de anatomía, de Rembrandt, semella doado asistir ás explicacións que o mestre dá nas autopsias, mais o verdadeiramente complexo comeza cando o alumno fica só diante do cadáver. ¿Por onde comezar?

Nos días inmediatamente posteriores ao inicio da Guerra, todo semellaba estar á espreita, axexando, na vella Auria. Escoitaban as pétreas paredes erguidas ao carón da Catedral, as triscantes madeiras dos chans e dos teitos, as contras das fiestras, as montras dos comercios, as rodas dos afiadores, as tiseiras dos alfaiares, as chuvias que encoraban por entre as fendas –abertas polos rigores climatolóxicos e polo tránsito cotián- das rúas, chuvias que, ao impactaren no chan, semellaba que se rían dos paseantes. Esculcaban ollos alumeantes entre as portas entreadertas mentres o veleno das insidiosas áspides delatoras pingaba no chan e esculcaban tamén as aveiañas que se achegaban de cando en cando á luz, leviás, crebadizas, ou mesmo os michos que lambían o pelexo no alto dos tellados emitindo de cando en cando miañares vagarentos que se prolongaban no ar enrarecido, como réquiems polos mortos ou polos que ían morrer dun momento a outro.

Tocaban a defunto, a cada pouco, as aldrabas das casas e a imaginación e a estética atemporais do barroco do Santo Domingo, por pór ao caso, foron fatalmente esnaquizadas e deixadas atrás pola ignominiosa cegueira dos alzados. Tanta infamia xunta atordou á burguesía, ora autóctona ora foránea que, se xa antes non se notaba, deixábase levar agora con

noxenta aquiescencia pola retórica nacionalcatólica, como se deixa levar un torgo polas correntes dun río.

Xa ninguén asubiaba polas rúas, como por exemplo Antoniño Mosquera, toliño polo Himno de Riego e máis pola Marcha Triunfal de Afida, que deixou o seu escaso repertorio logo de escoitar o relato dos primeiros fusilamentos. Perdéuselle a pista e ninguén soubo xa nada máis del. Non estaba na súa casa e nela non había nen o máis mínimo indicio de fuxida ou semellante.

Coa chegada da Guerra, a vella Auria converteuse nun lenzo vermello e negro, como diría Stendhal. Botóuselle a noite enriba e os salaios dos mortos e das súas nais, pregando piedade, mesturáronse cos vítores dos fusís sublevados, co cinsento fedor a munición e a incenso e co pranto hipócrita de sotanas e casullas. Entón a vella Auria, que ata aquel momento fora territorio de tratantes, lavandeiras, preguiceiros chimpapías, galopíns regadeiros e afiadores que, entre faísca e faísca, andaban ás fermosas “belenas”, converteuse nunha sorte de “Hierusalém” a libertar, de barafunda de mouros contra cristiáns, unha cidade inánime que, sen saber moi por que, houbo de principiar a súa vida de novo, lonxe de si mesma, do que sempre fora, como unha exilada, lambendo o regueiro de sangue que ían deitando as súas feridas.

* * * * *

A cea ten boa pinta. Bife con patacas fritidas e guarnición máis unha ensaladiña de leituga e tomates frescos. Os comensais aínda non se coñecen ben. Son o coronel da Wehrmacht Arnulfus von Kopfman e a súa dona Gretel, que non deixa de rosmarlle no seu idioma inintelixível, o cal pon dos nervios a un, o tradutor do ollo de vidro, Sebastián Folgoso, o Governador e más a parenta, que fan de anfitrións, un capitán dos nacionais, Celso Ramírez, más a parenta e, por último, o señor Bispo, que vén sen parenta, claro, aínda que os que o coñecen ben afirman que cando era pica-riño, antes de entrar no Seminario, gostaba de alzarlle as saias ás nenas e correlas por toda a beira do río.

A señora da Autoridade Civil e máis a señora da Autoridade Militar miran para a muller estranxeira con grande desconfianza e comentan o rariñas que son as que veñen de fóra.

O coronel di que é para el unha grande satisfacción estar en territorio dos amigos españois, afirma o tradutor sen perder de vista o bife e mai-las patacas. A súa intención é botar aquí unhas semanas, as que sexan necesarias para atopar a máxima cantidade de ouro que sexa posíbel.

O Governador incha entón como un galo diante das galiñas. Iso de que haxa ouro no seu río é algo que o marabilla; que veña un forasteiro e louve é cousa boa; que o leve, áinda mellor. Mentre, o coronel segue a falar. Necesitaremos uns trinta ou corenta homes, máis ou menos. Valen tamén as mulleres. Non hai problema, nós buscaremos eses homes e esas mulleres, ofreceuse, presto, o Governador. Gut, sehr gut... O coronel von Kopfman molla os beizos en viño e ensaia un leve sorriso de compracencia no seu xélico rostro xermánico. Ao tradutor arrefríalle a cea: o coronel di que moi ben e dálle as grazas pola axuda e hospitalidade que teñen con el. Amais... amósase convencido da vitoria do Xeneral Franco, cuxos valentes exércitos liberarán a Patria das anárquicas greas de comunistas e masóns. Non nos axeonllaremos perante ninguén e unha vez que España sexa liberada para sempre do espanto no que a mergullaron, ocuparár con nósas, coa invencíbel raza xermánica, o podio dos vencedores. Axiña desfilarán as nosas tropas ao compás dunha gloriosa marcha triunfal.

O señor Bispo comeza a chorar como unha nena namorada e o capitán Ramírez, tamén emocionado, érguese e comeza a bater as mans. As mulleres ségueno. E tamén o Governador, que ao rematar pregunta ¿que é un podio?, que non ouvín esa palabra en tódolos días desta miña vida. Un podio é un caixón onde se colocan os gañadores nas ceremonias, explica o Capitán Ramírez. Ah, entón si. Se é así, dende logo que estaremos dentro de pouco no sitio ese, conclúe o Governador. Ao remataren a cea hai un brinde e o señor Bispo dá a benzón, profetizando a vitoria dos cruzados, como un improvisado augur.

* * * * *

Hoxe, o barbeiro Bernardino Paradela comeza a xornada rapando un home que comenta indignado a decisión dun aluado, de nome Gervasio Fernández de Dios, de pedirlle ao Ministro de Xustiza o troco do seu segundo apelido, por non querer nada con "Dios". E conclúe, cos carrolos colorados por mor da carraxe, que convén moita man dura para rematar con tantos maleantes e roxos. O seguinte ten outro conto distinto, semella o barbeiro o confesor de tódolos que pasan polo seu negocio. Este cliente que digo refriulle ao Bernardino os amores que ten súa filla Hermelinda cun fillo do Governador. Ah, pois non sabía nada, minte o barbeiro. Que Hermelinda se entende co fillo do Governador é cousa que xa se sabe na cidade dende hai uns días. E que Hermelinda, de loiros cabelos, gañou algúns cartos vendendo o corpo, hai uns anos, tamén. Mais o que preocupa ao cliente non son os amores da súa filla co fillo do Governador, en si mesmos, senón que

Hermelinda leva dous días sen meter nada ao corpo, chora que te chora. Enteirouse de que o mozo, que é mullereiro e xogantín, anda cada día con cadansúa faldra. E repite, entre saloucos: Eu non quero ser segundo prato, eu non quero ser segundo prato. Dixo que me quería a miñ, só a miñ. O barbeiro riu a cachón e dixo que non se sabe que é mellor, ser segundo prato ou aperitivo e áinda sendo primeiro prato hai que velarse, que se é escaso posiblemente pida outro o comensal.

O terceiro cliente faille moito chiste ao barbeiro, porque é xenio e figura, áinda que a figura non o axuda moito. Un home pequeno e esvaído, ruinciño, que din os paisanos, o cal naceu pensando seus pais que ían ter unha nena. Un home que traballa arreo a xornal, sen preguntar nada, como os bos escravos, un home pegado a unhas grandes orellas, como dous cobertores, que son, certamente, o máis grande que hai nel, dúas orellas como dúas ermidas de Nosa Señora, frías e escuras...

Un fulano preguntolle ao barbeiro, dixéronme que é zurdo. ¿De man ou de pé? É zurdo de todo canto se pode ser zurdo, respondeu Bernardino. De man e de pé. E se tivese dous carallos, abofé que tamén sería zurdo de carallo.

O seu nome é Marcial Varandela, o cal é relevante, se acaso, para o que diremos despois. Importa agora suliñar a afición polo augardente que dende ben novo espertou en Marcial. Non hai día que chegue á súa fin no que Marcial Varandela non meta entre o lombo e o peito a cantidade de augardente que poderían meter tres homes do seu tamaño e que andasen desecados. O gracioso vén agora, que despois de consumir hai que consumar, así que o noso Marcial, cando non pilla "servicio" a carón do río, se é que dá primeiro co río, vai ás casas nas que traballan o máis elemental dos instintos humanos e, cando a euforia o invade, para darse importancia, di que vai ao "ayuntamiento". Métense moito con el os mozos, ás veces quizais con certa crueldade e áinda despois da Guerra se meteron con el, ata que morreu. Algunhas noites, ían regueiros de mozos ata a porta da Casa da Palmeira, que era propiedade da Pochola e moitas veces estaba ateigada de lapóns –quen sabe se mesmo tinxida de vermello e negro- e cantábanlle isto

Marcial, Marcial
es nuestro amigo Marcial,
que está en ayuntamiento
sin ser concejal.

Collía moita caraxe a madame e corría aos cantaríns con caldeiros de auga, guindados dende a fiestra e, ás veces, dispersábaos tamén a chegada dos guardias e serenos.

O barbeiro, que xa sabe que hai na vella Auria un enviado do Terceiro Reich buscando ouro no Miño, aínda fixo unha broma antes de rematar a xornada.

O alemán este que veu ánda lle vai levar o ouro todo ao Aladio, ¡ga, ga, ga!

* * * * *

As xornadas son moi longas e esgotadoras e, en esencia, abranguen o tempo que transcorre entre que nace e morre a luz. A vixiancia é moi rígida, cargados os fusís e a minuciosa ollada dos soldados, como espadas de Damocles, pendurando sobre os buscadores, man de obra gratuita, presos roxos que aínda non renegaron das súas ideas e buscan sen fortuna o que queda da dourada República a pór de peneirar as areas do río. Aquel día chovía moito, unha chuvia encerrada e pechada, que case non se sabía onde remataba a auga e comezaba a terra. O coronel von Kopfman estaba sentado nunha cadeira, na improvisada tenda de campaña, baixo as árbores.

De cando en cando, os buscadores teñen que parar, porque é insoportábel o fedor a morte e a putrefacción, a náusea e a vísceras comestas polos peixes, a mortos descendendo polo Miño como góndolas venecianas. Son os cadáveres dos represaliados.

A cachimba fumegáballe aínda, incombustíbel. Por fin estaba a salvo de Gretel, que quedara durmindo no Roma, na compañía de Anna. Dende algúns lugares próximos á finca do Abade das Vellas onde, por certo, pasou media vida meu bisavó Aquilino, abrindo regos e enxertando, deixábase escutar o movemento número tres da Terceira Sinfonía de Brahms, autor que lle gustaba moito ao herr coronel. O tradutor facía esforzos para ver querelle ao alemán algúns pasaxe interesante do libro “La búsqueda de oro en el Noroeste español”, do doutor Decadente Rodríguez, como por exemplo a que fala da extracción do prezado metal nas Médulas e en Montefurado por parte dos romanos, que se valían da presión da auga coa técnica que Plinio chamaba “ruina montium”.

Non atoparan nengunha pepita. Os soldados levaran xa os buscadores, derreados por estaren horas e horas, peneirando. O coronel estaba moi desmoralizado e creu que os informes que chegaban á OKW estaban trabucados. Estaba matinando na inutilidade de viaxar a un lugar tan lonxano de Baviera para nada, cando albiscou algo estranho no río, como unha luz moi viva, un clarexar que semellaba proceder do fondo das augas, a un punto equidistante entre as dúas beiras. O coronel non o pensou dúas veces e, facendo caso omiso ás prudentes recomendacións do tradutor, meteuse no

río a modiño e foi avanzando cara a luz. Cando aínda lle quedaban uns metros por chegar á fonte de procedencia, sofreu un leve mareo. Cegouno a lumosidade. A auga dáballe polos cadrís, máis ou menos. A chuvia seguía a caer. E, de súpito... Cría estar padecendo algunha inexplicábel alucinación. O Santo Cristo, aquela imaxe reverenciada durante séculos, portentosa, barroca, artúrica, fascinante, profusa como a oratoria do Führer, emerxía do Miño. Amosárralla o Governador o día anterior. Aquello non podía ser certo. Tiña que ser un soño, mais non era quen de se achegar, estaba paralisado e non lle respondían as pernas. O abraio era tal que case non daba sacado alento. O tradutor, axeonllado, non deixaba de facerse cruceis. Cando lle foi posibel, Arnulfus saíu da auga e axeonllouse tamén. Había algo estranxo, unha instancia superior ao Führer, que o submetera. E, a bo seguro, había submeter tamén ao propio Hitler. O lugar do Santo Cristo estaba en Nüremberg, a carón da Lanza do Destino.

Esa mesma noite, moi secretamente, sen se despedir de ninguén, o coronel da Wehrmacht, Arnulfus von Kopfman e más aúa comitiva desapareceron sen deixar rastro e sen unha pepita de ouro. A xente, máis preocupada por outras cousas, logo o esqueceu. Mais, inesperadamente, algo foi ocorrer o día que disque rematou a Guerra. Alguén ouviu bruído de motores e, querendo saber que pasaba, viu un camión moi grande, custodiado por senllos sidecares, que se achegaban á cidade a non moita velocidade. Levaban unha enseña moi rara, como unha estrela ou algo semellante. Non van ser os alemáns, que se veñen despedir, foi a broma antes de ir á Praza Maior.

* * * * *

"En el día de hoy, cautivo y desarmado el ejército rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objetivos. La Guerra ha terminado."

-Pessoas mortas na Guerra violentamente: 141.183.

-Exilados: sobre 300.000.

-Executados: 58.398.

-Presos políticos: sobre 300.000.

Por fin caeu Madrid, xa era hora. Ao barbeiro Bernardino Paradela xa lle suaban as mans, agardando pola arelada noticia. Os comercios están engalanados, baten con ledicia os sinos das igrexas e as bombas, éstas de palenque, estouran anunciando a festividade.

A Praza estaba ateigada, ata a bandeira, como se di usualmente, que neste caso era a "roja y gualda". Tocaba a banda animosas melodías, exultantes marchas triunfais que amenizasen a subida ao podio dos vencedores. ¡Gañamos, gañamos! O Governador, que na posguerra iría furtiva-

Marcha triunfal

mente ao Moderno, amparado polo chapeu e coas solapas do sobretodo ergueitas, sentía a vitoria coa ledicia de a quen lle nace un fillo.

Ao final vai ter razón o alemán aquel que veu buscar ouro ao río e que, por certo, marchou sen se despedir, con aquelo que dixo do caixón dos gañadores. ¿E que sería daquel home que tan ben falaba?, inquiriu o señor Bispo. Sabe Deus onde andará, respondeu o Gobernador. Ouro non levou, pero coido que quedou moi impresionado cando lle amosei o Santo Cristo. É que xa o di o refrán

Tres cosas hay en Orense
que no las hay en España:
el Santo Cristo, el Puente
y la Burga hirviendo agua.

¡O Santo Cristo, o Santo Cristo!, chegou berrando o sacristán. ¡Levárono, levárono! É imposíbel que o levasen, pois onte á noite estaba no seu lugar, onde ten que estar, apuntou un crego. Como o sacristán era un neno, déronlle unha labazadas ben dadas, por mintireiro e ata o señor Bispo lle estirou as orellas.

A banda comezou un pasodoble moi brioso, que á xente lle prestou más que nunca porque, ao fin, España fora liberada para sempre, dunha vez por todas, da barbarie roxa e todo o mundo podería durmir xa tranquilo.

Alberto Rodríguez Díaz

Accesit *Narrativa*



JUAN JOSE RUIZ MONIÑO

Nació hace 39 años en la Ciudad de Murcia en cuya Universidad cursó estudios de Geografía, Historia y Arte. Desde temprana edad mostró inclinaciones por el mundo literario siendo amplia y variada su producción en verso y narrativa amén de significativo el elenco de galardones alcanzados a lo largo y ancho de la geografía nacional.

Asimismo, Juan José Ruiz ha realizado diversos trabajos de investigación sobre historiografía local y regional siendo publicados en revistas especializadas y medios de prensa.

En clave de futuro

Juan José Ruiz Moniño

Aunque he tenido bastantes dificultades para la obtención de los tres documentos narrativos ahora me siento satisfecho al comprobar, como sospechaba, la correlación existente entre ellos.

Me fue fácil encontrar el primero y el tercero en mi visita a hemerotecas oficiales. En cuanto al segundo, quizás o sin duda, la clave de este triple relato la descubrí, y empleo esta palabra porque fueron tantos los escollos que hube de salvar y tal la magnitud de los mismos que casi me habían hecho perder la esperanza, cuando un día, invitado por unos amigos a una excursión campestre, tuve la ocasión de visitar la casa rural de uno de ellos señalada como lugar de reunión.

Era una pequeña edificación, hogar de uno de sus antepasados, abandonada, y que sólo se abría en raras y especiales circunstancias como ésta.

Mientras terminaba de reunirse el grupo por retraso de alguno de sus componentes, guiado por esta enfermiza curiosidad que no puedo corregir, me dediqué a husmear por las diversas habitaciones, encontrando en una de ellas, amontonados en el suelo y dañados, algunos destrozados por la humedad, una buena cantidad de libros y hojas sueltas correspondientes a publicaciones periódicas que empecé a ojear sin demasiado interés ya que sólo pretendía pasar el tiempo de espera.

Con mi sinceridad característica no quise dar demasiada importancia al hallazgo pues se me vino a las manos, al intentar leer su título, como uno de tantos papeles impresos de los allí informemente esparcidos.

Esto es todo.

Los transcribo en el orden que creo más racional. Con la misma sinceridad que me he aplicado antes creo que la obra, así en su conjunto, no carece de interés.

“La noticia que hoy traemos como preferente a nuestro diario, aunque ha sido dada a conocer por todos los medios de comunicación, nos ha sorprendido de que no hubiera disfrutado de la relevancia que merece.

Nosotros creemos que marca un hito en la información periódica, incluidos los órganos de transmisión por ondas.

Un avión de pasajeros que volaba a la altura y velocidad acostumbradas fue teatro del más inusitado caso que haya podido y pueda presentarse en la historia de la navegación aérea. Por algún motivo, racionalmente incomprendible, el choque continuado con la resistencia del aire desencajó la parte superior de su estructura, lo que pudiéramos llamar la techumbre, quedando todo el pasaje descubierto.

Previamente, los servidores del aparato, que habían observado alguna anomalía, ordenaron con tono de alarma a los ocupantes el ajuste preciso de los cinturones de seguridad, evitando el cumplimiento riguroso de la orden una catástrofe humana colectiva ya que, sin dejar de tener en cuenta el espantoso aunque breve rato tardado por el piloto en tomar tierra, lo hizo sin novedad.

Hubo una excepción, la de uno de los viajeros que, por apatía, distracción, por no haber oído o por el mal funcionamiento del resorte, no tuvo en cuenta la observación y salió despedido de su asiento al espacio a una velocidad inconcebible.

No se ha sabido nada de él.

Se da como más posible que el choque con algún objeto o un brusco desnivel de temperatura espacial lo haya desintegrado".

"Aunque siento claramente la disminución gradual de la velocidad a la que fui lanzado, no sé por qué tengo la impresión de haber recorrido durante este acto, en un extraño semidesvanecimiento que en algunos momentos he llegado a pensar no reanimarme de él, miles o cientos de miles de kilómetros.

Me veo autoimpulsado por el espacio a una velocidad uniforme y ahora soportable. Durante algún tiempo creí que marchaba, como cuando salté del avión, en línea recta, pero después he podido comprobar que voy siempre, en mi marcha, inclinándome hacia el mismo lado.

Por fin he llegado al convencimiento o por lo menos a la suposición de que, atraído por la fuerza de gravedad de algún astro, mi recorrido se ha convertido en órbita del mismo.

Tiene cierta gracia: me encuentro aislado en el espacio, a Dios sabe qué distancia de mi mundo, sabiendo que mi vida, o lo que me quede de ella, ya

es esto, formar parte, como un objeto, de la gravedad universal y no tengo otra ocurrencia que pensar, con la naturalidad con que lo hago, no en cosas trascendentales, como lo exigiría mi nueva situación, sino en vulgaridades, muchas de ellas verdaderamente baladíes.

